

Expediente núm.: 264/2020

Acta de 1º exercicio da Fase de Oposición

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

ACTA VALORACIÓN 1º EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN

Reunidos na Casa Consistorial, o 8 de marzo de 2021, ás 09:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador do proceso selectivo de estabilización de Administrativo/a, son:

Cargo	Identidade
Presidente	Ana María Ocampo Pérez Gorostiaga
Secretario	Antonio Mosquera Rodríguez
Vogal	M. ^a Ermitas Sánchez González
Vogal	María Isabel Novo López
Vogal	María Teresa Alcalde Valle

Visto que na cláusula oitava das Bases que rexen o proceso de selección se indica que se realizará un cuestionario tipo test de 60 preguntas sobre os contidos do temario relacionado no Anexo II das bases, procédese á elaboración de dita proba. Sendo dito cuestionario o que deseguido se transcribe:

“ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL

1.- O capítulo II do título III da vixente Constitución Española denomínase:

- a) Das Cortes Xerais
- b) Da elaboración das leis**
- c) Das Cámaras

2.- O título VII da vixente Constitución Española comprende os artigos:

- a) Do 128 ao 136**
- b) Do 128 ao 137
- c) Do 127 ao 137

3.- O capítulo II do título I da vixente Constitución Española denomínase:

- a) Dos dereitos e deberes dos cidadáns
- b) Dos dereitos e deberes fundamentais
- c) Dereitos e liberdades**

4.- Cantos artigos ten o título da vixente Constitución Española relativo á reforma constitucional?

- a) Dous artigos
- b) Tres artigos

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFXHXRDDDDSZM6A | Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 17

c) Catro artigos

5.- En que se fundamenta a vixente Constitución Española?

- a) Nun Estado social e democrático de Dereito.
- b) Na soberanía nacional, que reside no pobo español, do que emanan os poderes do Estado.
- c) Na indisoluble unidade da Nación Española.**

6.- A vixente Constitución Española atribúe a defensa do ordenamento constitucional:

- a) Ao Goberno da Nación
- b) Ao Poder Xudicial
- c) Ás Forzas Armadas**

7.- Segundo o establecido no artigo 104 da vixente Constitución Española, as Forzas e Corpos de seguridade dependen:

- a) Do Ministerio de Defensa
- b) Do Goberno**
- c) a e b son incorrectas

8.- Cal dos seguintes é un órgano superior dun departamento ministerial?

- a) Secretario de Estado**
- b) Director Xeral
- c) Secretario Xeral

9.- Que número de Deputados é necesario para presentar unha moción de censura ao Presidente do Goberno?

- a) Polo menos unha décima parte da Cámara**
- b) Maioría absoluta da Cámara
- c) Maioría simple da Cámara

10.- Ante quen responde solidariamente o Goberno da súa xestión política?

- a) Ante as Cortes Xerais
- b) Ante o Congreso dos Deputados**
- c) Ante o Rei

11.- Quen nomea aos Ministros?

- a) O Presidente do Goberno



- b) O Rei co refrendo do Presidente do Congreso
- c) a e b son incorrectas**

12.- Cal é o prazo, pasado o cal, se ningún candidato acada a maioría necesaria para ser nomeado Presidente do Goberno, se debe proceder á convocatoria de novas Eleccións?

- a) Un mes desde a celebración das Eleccións
- b) Dous meses desde a celebración das Eleccións
- c) a e b son incorrectas**

13.- Quen nomea ao Delegado do Goberno da Nación nunha Comunidade Autónoma?

- a) O Rei
- b) O Presidente do Goberno
- c) O Consello de Ministros**

14.- A federación de Comunidades Autónomas, segundo a vixente Constitución Española:

- a) Require a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica.
- b) Non se admitirá en ningún caso.**
- c) a e b son incorrectas.

15.- Segundo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, cando a Administración Pública non teña por certos os feitos alegados por un interesado:

- a) Acordará abrir un período de proba.**
- b) Darálle audiencia.
- c) Poderá non telos en conta.

16.- A cantos días de permiso ten dereito un funcionario no caso de falecemento, accidente, enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica sen hospitalización que precise repouso domiciliario dun familiar dentro do segundo grao de afinidade, cando o feito se produza en distinta localidade da do domicilio do funcionario segundo o disposto no artigo 108 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia?

- a) Dous días hábiles
- b) Tres días hábiles
- c) Catro días hábiles**



17.- Síñale a resposta correcta respecto da emisión dos informes segundo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas:

- a) Os informes serán emitidos a través de medios electrónicos no prazo de 15 días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento o permita ou esixa outro prazo maior ou menor.
- b) O informe emitido fóra de prazo poderá non ser tido en conta ao adoptar a correspondente resolución.**
- c) a e b son incorrectas.

18.- De conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, cando a notificación se practique no domicilio do interesado, de non atoparse presente este no momento de entregarse a notificación, poderá facerse cargo da mesma calquera persoa que se encontre no domicilio, faga constar a súa identidade e sexa:

- a) maior de 14 anos**
- b) maior de 16 anos
- c) maior de 18 anos

19.- Quen propón ao candidato a Presidente do Goberno?

- a) O Rei**
- b) O Presidente do Congreso
- c) O Congreso dos Deputados

20.- A quen lle corresponde a aprobación da plantilla de persoal?

- a) Ao Alcalde
- b) Á Xunta de Goberno Local
- c) Ao Pleno**

21.- O ámbito no que se divide o solo urbanizable aos efectos da súa ordenación detallada e aplicación dos estándares establecidos na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, segundo o disposto no artigo 44, denomínase:

- a) Sectores**
- b) Distritos
- c) Polígonos

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFXNRRDDDDZM6A | Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 17

22.- En obras rematadas sen título habilitante, cal é o prazo que establece o artigo 153 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, para a incoación do expediente de reposición da legalidade urbanística?

- a) 6 anos, a contar desde a total terminación das obras.
- b) 6 anos, a contar desde que se recibe a denuncia dos feitos.
- c) 6 anos nas infraccións moi graves, 4 nas infraccións graves e 2 nas leves, a contar desde que se recibe a denuncia dos feitos.

23.- No referente ao obxecto do contrato, sinala a resposta correcta de acordo co establecido no artigo 99 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público:

- a) En todo caso, non se considerarán motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, entre outros, o feito de que a división en lotes do obxecto do contrato conlevase o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia.
- b) O órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato, cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras.
- c) a e b son incorrectas.

24.- Segundo o establecido no artigo 17.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os acordos provisionais de aprobación e modificación das ordenanzas fiscais expóranse:

- a) No Boletín Oficial do Estado
- b) No Boletín Oficial da Provincia
- c) No Taboleiro de Anuncios da Entidade

25.- Conforme ao establecido no artigo 46 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os Plans Xerais de Ordenación Municipais serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica:

- a) Ordinaria
- b) Simplificada
- c) Básica

26.- Segundo o disposto no artigo 103 da vixente Constitución Española, a lei regula o acceso á función pública de acordo cos principios de:

- a) Igualdade e publicidade
- b) Mérito e capacidade

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFXHXRDDDDSZM6A | Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 17

c) Igualdade, mérito e capacidade

27.- Segundo o establecido no artigo 173 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, un dos requisitos para que un funcionario de carreira poida obter a excedencia por interese particular é:

- a) Prestar servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo dun ano inmediatamente anterior á solicitude.
- b) Prestar servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de dous anos inmediatamente anterior á solicitude.
- c) Prestar servizos efectivos en calquera das administracións públicas durante un período mínimo de tres anos inmediatamente anterior á solicitude.**

28.- O Goberno e a Administración dos Municipios, salvo naqueles que legalmente funcionen en réxime de Concello Aberto, correspóndelle:

- a) Ao Pleno
- b) Ao Alcalde
- c) Ao Concello, integrado polo Alcalde e os Concelleiros.**

29.- O Goberno, para a adopción das medidas establecidas no artigo 155 da vixente Constitución Española precisa:

- a) A aprobación por maioría absoluta do Congreso
- b) A aprobación por maioría absoluta do Senado**
- c) A aprobación por maioría absoluta de ambas Cámaras

30.- O artigo 27 da vixente Constitución Española reconece:

- a) A liberdade de educación
- b) A liberdade de cátedra
- c) A liberdade de ensino**

31.- O título III do Estatuto de Autonomía de Galicia denomínase:

- a) Das competencias de Galicia
- b) Da Administración Pública Galega**
- c) Da Administración de Xustiza en Galicia



32.- De acordo co establecido no artigo 16 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os contratos de adquisición de programas de ordenador desenvolvidos a medida considéranse:

- a) un contrato de servizos
- b) un contrato de subministro
- c) un contrato mixto

33.- Segundo o artigo 63 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os Plans Básicos Municipais son:

- a) Instrumentos do planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan Básico Autonómico para os concellos de menos de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral.
- b) Instrumentos do planeamento urbanístico dun termo municipal completo, que se redactarán en desenvolvemento do Plan Básico Autonómico para os concellos de máis de 5.000 habitantes que non contén cun instrumento de planeamento xeral.
- c) a e b son incorrectas.

34.- De acordo co artigo 58 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, as determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal desenvolveranse, entre outros, nos seguintes documentos, co contido que se fixe regulamentariamente:

- a) Estratexia de actuación e estudio económico
- b) Informe ou memoria de sostenibilidade económica
- c) a e b son correctas

35.- O artigo 17 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, establece que os Plans Xerais diferenciarán no solo urbano as seguintes categorías, sen prexuízo do disposto para os plans especiais no artigo 71.2:

- a) urbanizable e non urbanizable
- b) consolidado e non consolidado
- c) a e b son incorrectas

36.- De acordo co artigo 61 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, a quen lle corresponde a competencia para a aprobación definitiva dos Plans Xerais de Ordenación Municipal?

- a) Á persoa titular da Consellería competente en materia de Urbanismo dos concellos que contén cunha poboación igual ou inferior a 5.000 mil habitantes.

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFXHXRDDDDSZM6A | Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 17

b) Ao órgano competente municipal segundo o establecido na lexislación do réxime local, no caso de concellos que contén cunha poboación igual ou inferior a 5.000 mil habitantes.

c) a e b son incorrectas

37.- Segundo o artigo 51 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, as delegacións de atribucións do Pleno no Alcalde e na Xunta de Goberno Local adoptaranse por:

a) Maioría absoluta

b) Maioría simple

c) Maioría de 2/3 do número legal de membros da Corporación

38.- De conformidade co artigo 43 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Alcalde pode efectuar delegacións especiais para cometidos específicos en calquera concelleiro?

a) Non, só nos membros da Xunta de Goberno Local e onde esta non exista, nos Tenentes de Alcalde.

b) Si, aínda que non pertencen á Xunta de Goberno Local.

c) a e b son incorrectas

39.- A definición de sede electrónica, segundo o artigo 38 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, é a seguinte:

a) É aquela dirección electrónica, dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións, cuxa titularidade corresponde a unha Administración Pública, ou ben a unha ou varios organismos públicos ou entidades de Dereito Público no exercicio das súas competencias.

b) É o punto de acceso electrónico cuxa titularidade corresponda a unha Administración Pública, organismo público ou entidade de Dereito Público que permite o acceso a través de internet á información publicada.

c) a e b son incorrectas

40.- Segundo o artigo 40 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as Administracións Públicas poderán identificarse mediante o uso de:



- a) **Un selo electrónico baseado nun certificado electrónico recoñecido ou cualificado que reúna os requisitos esixidos pola lexislación de firma electrónica.**
- b) Un código seguro de verificación vinculado á Administración Pública, órgano, organismo público ou entidade de Dereito Público.
- c) a e b son correctas

41.- Segundo o artigo 102.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os contratos do sector público terán sempre un prezo:

- a) Determinado e adecuado
- b) Revisable
- c) **Certo**

42.- Na Comunidade Autónoma, quen ostenta a representación ordinaria do Estado?

- a) O Delegado do Goberno
- b) O Subdelegado do Goberno
- c) **O Presidente da Comunidade Autónoma**

43.- Respecto das incorporacións de crédito, segundo o disposto no artigo 182 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que créditos deberán incorporarse obrigatoriamente, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto?

- a) **Os que ampren proxectos financiados con ingresos afectados.**
- b) Os créditos extraordinarios e os suplementos de créditos, así como as transferencias de crédito, que fosen concedidas ou autorizadas, respectivamente, no último trimestre do exercicio.
- c) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación de dereitos afectados.

44.- Conforme ao disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala a resposta correcta:

- a) **A declaración de lesividade non será susceptible de recurso.**
- b) Ademais do sinalado na opción a), non poderá adoptarse unha vez transcorrido o prazo de 4 anos desde que se notificou o acto administrativo e esixirá a previa audiencia de cantos aparezan como interesados no mesmo, nos termos establecidos no artigo 82.

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFXNRRDDDDSZM6A | Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 17

c) As Administración Públicas poderán impugnar ante o orde xurisdiccional contencioso-administrativo os actos que sexan anulables conforme ao disposto no artigo 47 da referida lei, previa a súa declaración de lesividade para o interese público.

45.- Que recurso/s cabe/n contra o acordo que resolva sobre a ampliación de prazos?

- a) Recurso de alzada
- b) Recurso potestativo de reposición e/ou contencioso-administrativo.
- c) Ningún

46.- En que casos poderá un prazo vencido ser obxecto de ampliación?

- a) Nos procedementos tramitados polas misións diplomáticas e oficinas consulares, así como aqueles nos que substanciándose no interior, esixan cumprimentar algún trámite no estranxeiro.
- b) Cando o instructor do procedemento o considere oportuno e o fundamente.
- c) En ningún caso.

47.- O que aboa un particular pola prestación dun servizo público que lle afecta ou beneficia, sendo este de recepción obrigatoria, denomínase:

- a) Taxa
- b) Imposto
- c) Prezo público

48.- As aprobacións e modificacións das ordenanzas fiscais someteranse a información pública polo prazo mínimo de:

- a) 15 días
- b) 20 días
- c) 30 días

49.- Segundo o disposto no artigo 47 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o establecemento ou modificación dos prezos públicos correspóndelle:

- a) Ao Alcalde
- b) Á Xunta de Goberno Local
- c) Ao Pleno da Corporación

50.- O Presuposto dunha Entidade Local, con respecto aos gastos, é un/unha:

- a) Previsión

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFXHXNRDDDDSZM6A | Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 17

b) Límite cuantitativo

c) Cálculo aproximado

51.- De acordo co establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, pode o órgano competente proceder ao rateo, entre os beneficiarios da subvención, do límite global máximo destinado ás subvencións?

a) Si, excepcionalmente, sempre que así se prevexa nas bases reguladoras.

b) Si, con carácter excepcional, para aquelas subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario.

c) a e b son incorrectas

52.- Segundo o artigo 74 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, os Plans Parciais e os Plans Especiais:

a) Teñen que ser formulados polos respectivos Concellos e aprobados polo titular da consellería competente en materia de Urbanismo.

b) Poderán ser formulados polos Concellos, pola Administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

c) a e b son incorrectas

53.- En relación coas entidades colaboradoras na xestión recadatoria, de acordo co disposto no artigo 9.1 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, só poderán actuar como entidades que presten o servizo de caixa ou como entidades colaboradoras as seguintes entidades de crédito:

a) Cooperativas de crédito

b) Bancos e caixas de aforro

c) a e b son correcta

54.- De conformidade co establecido no artigo 3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, terán capacidade de obrar ante as Administracións Públicas:

a) Cando a lei así o declare expresamente, os grupos de afectados, as unións e entidades sen personalidade xurídica e os patrimonios independentes ou autónomos.

b) Os menores de idade para o exercicio e defensa daqueles dos seus dereitos e intereses cuxa actuación estea permitida polo ordenamento xurídico coa asistencia da persoa que exerza a patria potestade, tutela ou curatela. Exceptúase o suposto dos menores

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFXHXNRDDDSZM6A | Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 17

incapacitados, cando a extensión da incapacitación afecte ao exercicio e defensa dos dereitos e intereses de que se trate.

c) a e b son correctas.

55.- No caso de procedementos administrativos de natureza sancionadora, conforme ao disposto no artigo 53.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os presuntos responsables, teñen, entre outros dereitos, ademais dos previstos no artigo 53.1, os seguintes:

a) Á presunción de existencia de responsabilidade administrativa mentres non se demostre o contrario.

b) A que se lle notifique a identidade do instructor.

c) a e b son correctas.

56.- Indique cales dos seguintes actos son nulos de pleno dereito:

a) Os que incurran en calquera infracción do ordenamento xurídico.

b) Os ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

c) a e b son correctas

57.- No caso de procedementos de natureza sancionadora, a iniciación dos mesmos será:

a) De oficio ou a instancia do interesado

b) Sempre de oficio

c) a e b son incorrectas

58.- Segundo o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, haberá lugar á execución subsidiaria:

a) Cando se trate de actos personalísimos que poidan ser realizados por suxeito distinto do obrigado.

b) Cando se trate de actos personalísimos en que non proceda a compulsión directa sobre a persoa do obrigado.

c) a e b son incorrectas

59.- De conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo aos Rexistros, sinala a resposta correcta:

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFHXNRDDDDSZM6A | Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 17

a) Non se terán por presentados no Rexistro aqueles documentos e información cuxo réxime especial estableza outra forma de presentación.

b) Por lei, as Administracións Públicas poderán establecer a obriga de presentar determinados documentos por medios electrónicos para certos procedementos e colectivos de persoas físicas, que, por razón da súa capacidade económica, técnica e adicación profesional ou outros motivos, quede acreditado que teñen acceso e dispoñibilidade dos medios electrónicos necesarios.

c) a e b son incorrectas

60.- Segundo o disposto no artigo 76 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, relativo ás alegacións, sinala a resposta correcta:

a) Os interesados poderán en calquera momento do procedemento aducir alegacións e aportar documentos ou outros elementos de xuízo. Uns e outros serán tidos en conta polo órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución.

b) En todo momento poderán os interesados alegar os defectos de tramitación e, en especial, os que supoñan infracción dos prazos preceptivamente sinalados ou a omisión de trámites que poidan ser subsanados antes da resolución definitiva do asunto.

c) a e b son correctas.

RESERVAS:

61.- Quen forma o Presuposto dunha Entidade Local?

a) O Pleno

b) O Presidente da Entidade

c) O interventor

62.- Conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación dunha denuncia:

a) En ningún caso confire ou outorga por si soa a condición de interesado no procedemento.

b) Confire só a condición de administrado pero non de interesado.

c) a e b son incorrectas

63.- A vixente Constitución Española entrou en vigor:

a) Ao día seguinte da súa publicación no BOE

b) O 27 de decembro de 1978



c) O 29 de decembro de 1978

64.- De cantos artigos consta o Estatuto de Autonomía de Galicia?

- a) 55
- b) 56
- c) 57

65.- En que parte da vixente Constitución Española se relacionan os valores superiores do ordenamento xurídico?

- a) No título I
- b) No título Preliminar
- c) No Preámbulo”

Ás 12:30 os membros do tribunal diríxense ó pavillón de Ponte Arcediago, donde estaban citados os aspirantes. Procédese a identificar a todos os/as candidados/as asistentes (un total de 24 asistentes) e faise entrega para que asinen nunha “Declaración Responsable Covid-19”. Unha vez todos sentados faise entrega do examen, dando 70 minutos para a realización da proba tal e como se indican nas bases.

Como resultado da corrección dos cuestionarios realizados, a Comisión Seleccionadora -por unanimidade dos catro membros integrantes con dereito a voto- outorgou as seguintes puntuacións:

DNI	Identidade do Aspirante	NP	Acertos	Erros	Puntuación Obtida
7*4*3*4**	ALEJANDRO JOSE BADAS RODRIGUEZ	X			
3*5*8*1**	ALVARO ESCARIZ CAMOIRA		35	24	35
2*4*7*6**	ANA GUERREIRO PANTALEON		27	32	27
7*5*2*9**	ARANCHA SANTOS LOPEZ		23	37	23
4*8*2*5**	BEATRIZ GONZALEZ VECIN	X			
5*3*4*2**	CLAUDIA REY RODRIGUEZ	X			
4*9*8*6**	CRISTINA SÁNCHEZ ORO	X			
5*3*1*8**	DANIEL DOCAMPO ROBLES	X			
3*1*0*3**	DIANA CORTIZO FERNANDEZ		46	14	46
7*0*3*4**	ELENA ALVAREZ MARTINEZ	X			
5*7*3*5**	ESTHER DEL POZO GONZÁLEZ	X			
3*4*2*2**	GABRIEL ROMÁN RADÍO		28	32	28
5*3*3*7**	GRACIELA MUÑIZ GARCIA		26	34	26
5*8*9*9**	JAVIER PEREIRA LAGO	X			

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFXHXRDDDDSZM6A | Corrección: <https://santiso.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 17

3*3*7*3**	JORGE FERNANDEZ NOGUEIRA	X			
3*9*7*1**	JOSE ALBERTO FERNANDEZ COPA	X			
4*4*0*1**	JOSE MANUEL PIÑEIRO COUTO	X			
2*9*7*1**	JUAN RAMON HERMO SANCHEZ	X			
4*3*8*8**	JUAN YAGO BARRERO FABREGAS	X			
5*3*3*7**	LUIS RODRIGUEZ FERRO		33	27	33
3*5*2*3**	MARIA BEGOÑA LOPEZ MARTINEZ	X			
4*8*4*5**	MARIA CARMEN PULLEIRO GUERRREIRO		56	4	56
3*1*8*3**	MARIA JOSE DACOSTA ARGIBAY		22	38	22
7*5*6*9**	MARISOL RIVAS GARCIA	X			
5*1*9*4**	MARÍA AMIGO POMBO		25	35	25
3*3*6*2**	MIGUEL RODRIGUEZ CABAÑAS	X			
4*8*1*8**	NATALIA MARTÍNEZ PARRADO		26	34	26
7*0*0*5**	NEREA ANA VILAS GONZALEZ		27	33	27
5*5*0*1**	ORLANDO FERNÁNDEZ RÍO	X			
7*3*0*7**	PLACIDA SIEIRA MARTINEZ	X			
7*5*1*0**	RAQUEL ARMESTO LOPEZ		33	27	33
7*8*3*3**	RAQUEL SÁNCHEZ MARTÍNEZ	X			
4*3*1*2**	SANDRA CAAMAÑO RAMA	X			
4*9*6*1**	SANDRA PENAS RIVADULLA		43	17	43
4*6*5*4**	SONIA DIEGUEZ RODRIGUEZ		38	22	38
7*8*3*9**	SORAYA BLANCO RODRÍGUEZ		20	40	20
4*8*5*9**	SUSANA VIEIROS RÚA		18	42	18
4*8*8*7**	TANIA FUENTES VIEITES		41	19	41
7*3*7*9**	XESUS MANUEL RIOS PENA		40	20	40
7*3*0*1**	YOLANDA IGLESIAS PARRADO	X			
4*4*4*8**	YOLANDA OTERO BARROSO		26	34	26
3*8*6*9**	ALFONSO SANCHEZ GARCIA	X			
4*4*4*7**	JESUS GONZALEZ GONZALEZ		30	30	30
4*3*5*4**	LIDIA ISABEL PRESA GARCIA	X			
3*9*8*1**	MIRIAM ALONSO DOMINGUEZ	X			
7*3*5*6**	PAULA MOUZO MACEIRAS		16	44	16
4*0*0*4**	ROSALIA SEIJAS TUÑAS		23	37	23
3*7*2*4**	ELVIRA PINAL MOREIRA		35	25	35

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4Z09RRXZKFXNRRDDDDSZM6A | Corrección: https://santiso.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 17

Tras considerar oportuno repasar as puntuacións outorgadas, comprobando de novo os cuestionarios contestados, ratifícase a puntuación dada.

Á vista das puntuacións obtidas polos candidatos, quedan coa seguinte puntuación:

DNI	Identidade do Aspirante	Fase Concurso	Fase Oposición	Puntuación Obtida
7*4*3*4**	ALEJANDRO JOSE BADAS RODRIGUEZ	2	NP	--
3*5*8*1**	ALVARO ESCARIZ CAMOIRA	0,70	35	35,70
2*4*7*6**	ANA GUERREIRO PANTALEON	2	27	29
7*5*2*9**	ARANCHA SANTOS LOPEZ	0,30	23	23,30
4*8*2*5**	BEATRIZ GONZALEZ VECIN	5	NP	--
5*3*4*2**	CLAUDIA REY RODRIGUEZ	1,50	NP	--
4*9*8*6**	CRISTINA SÁNCHEZ ORO	0	NP	--
5*3*1*8**	DANIEL DOCAMPO ROBLES	2	NP	--
3*1*0*3**	DIANA CORTIZO FERNANDEZ	2	46	48
7*0*3*4**	ELENA ALVAREZ MARTINEZ	0	NP	--
5*7*3*5**	ESTHER DEL POZO GONZÁLEZ	0	NP	--
3*4*2*2**	GABRIEL ROMÁN RADÍO	0,80	28	28,80
5*3*3*7**	GRACIELA MUÑIZ GARCIA	2	26	28
5*8*9*9**	JAVIER PEREIRA LAGO	0	NP	--
3*3*7*3**	JORGE FERNANDEZ NOGUEIRA	1	NP	--
3*9*7*1**	JOSE ALBERTO FERNANDEZ COPA	5	NP	--
4*4*0*1**	JOSE MANUEL PIÑEIRO COUTO	2	NP	--
2*9*7*1**	JUAN RAMON HERMO SANCHEZ	0	NP	--
4*3*8*8**	JUAN YAGO BARRERO FABREGAS	1	NP	--
5*3*3*7**	LUIS RODRIGUEZ FERRO	2	33	35
3*5*2*3**	MARIA BEGOÑA LOPEZ MARTINEZ	2	NP	--
4*8*4*5**	MARIA CARMEN PULLEIRO GUERREIRO	37	56	93
3*1*8*3**	MARIA JOSE DACOSTA ARGIBAY	2	22	24
7*5*6*9**	MARISOL RIVAS GARCIA	0,50	NP	--
5*1*9*4**	MARÍA AMIGO POMBO	0,30	25	25,30

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564



Cod. Validación: ANN4ZC9RRXZKFXHXRDDDDSZM6A | Corrección: https://santiso.sedelectronica.gal/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 17

3*3*6*2**	MIGUEL RODRIGUEZ CABAÑAS	4,80	NP	--
4*8*1*8**	NATALIA MARTÍNEZ PARRADO	0,50	26	26,50
7*0*0*5**	NEREA ANA VILAS GONZALEZ	0,30	27	27,30
5*5*0*1**	ORLANDO FERNÁNDEZ RÍO	0	NP	--
7*3*0*7**	PLACIDA SIEIRA MARTINEZ	2	NP	--
7*5*1*0**	RAQUEL ARMESTO LOPEZ	2	33	35
7*8*3*3**	RAQUEL SÁNCHEZ MARTÍNEZ	0	NP	--
4*3*1*2**	SANDRA CAAMAÑO RAMA	0	NP	--
4*9*6*1**	SANDRA PENAS RIVADULLA	0	43	43
4*6*5*4**	SONIA DIEGUEZ RODRIGUEZ	2	38	40
7*8*3*9**	SORAYA BLANCO RODRÍGUEZ	4,10	20	24,10
4*8*5*9**	SUSANA VIEIROS RÚA	1	18	19
4*8*8*7**	TANIA FUENTES VIEITES	1,50	41	42,50
7*3*7*9**	XESUS MANUEL RIOS PENA	1	40	41
7*3*0*1**	YOLANDA IGLESIAS PARRADO	1	NP	--
4*4*4*8**	YOLANDA OTERO BARROSO	5	26	31
3*8*6*9**	ALFONSO SANCHEZ GARCIA	2	NP	--
4*4*4*7**	JESUS GONZALEZ GONZALEZ	2	30	31
4*3*5*4**	LIDIA ISABEL PRESA GARCIA	2	NP	--
3*9*8*1**	MIRIAM ALONSO DOMINGUEZ	1,50	NP	--
7*3*5*6**	PAULA MOUZO MACEIRAS	1	16	17
4*0*0*4**	ROSALIA SEIJAS TUÑAS	1,30	23	24,30
3*7*2*4**	ELVIRA PINAL MOREIRA	5	35	38

Visto que na cláusula 8.2.2. das Bases que rexen o proceso de selección se indica que se realizará unha proba de galego ós aspirantes que non acrediten estar en posesión do título Celga 4 ou equivalente, á vista de que a aspirante con máis puntuación acredita estar en posesión do título esixido, non se realiza a proba.

Á vista dos resultados, a comisión seleccionadora realiza a proposta de contratación a favor da candidata MARIA CARMEN PULLEIRO GUERRREIRO

O Presidente dá por terminada a reunión ás 15:40 horas.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Santiso

RÚA Agro do Chao - Arcediago S/N, SANTISO. 15808 (A Coruña). Tfno. 981818501. Fax: 981818564

